

Con membros da Coordinadora Provincial contra a Contaminación Electromagnética de Pontevedra e da Federación Veciñal Roi Xordo de Ferrol:

NACE A PLATAFORMA ESTATAL CONTRA A CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA

O pasado sábado, día 7 de marzo organizacións veciñais (incluída a confederación estatal de asociacións de veciños), ecoloxistas, asociacións e coordinadoras contra a contaminación electromagnética e Grupos de Afectados; xuntáronse na Federación Rexional de Asociacións de Veciños de Madrid (FRAVM), compartindo un amplo abanico de experiencias a nivel galego, catalán, vasco, navarro, madrileño, e castelán-leonés.

Ante a existencia de bases comúns nesas contidos de traballo presentados, buscouse aglutinar dalgunha forma a todas as organizacións existentes que traballan dispersas con similares obxectivos de estudo e vixilancia, como ocorre con: a sensibilización da cidadanía sobre os riscos dos Campos Electromagnéticos, a presión sobre a Administración para conseguir fondos para a investigación experimental e epidemiolóxica e unha regulación menos agresiva para as persoas nas emisións dos Repetidores Parabólicos Herzianos, as antenas base e pico-antenas de telefonía móbil, transformadores eléctricos, emisores de Wifi, liñas de alta tensión, así mesmo a defensa das persoas afectadas por esas emisións e o recoñecemento da hipersensibilidade electromagnética como enfermidade.

Con estes contidos e apoios, e por unanimidade dos presentes, xurdiu a Plataforma Estatal contra a Contaminación Electromagnética dotándose dun comité permanente formado por responsables dos territorios mencionados; aspirando a traballar cun destacado grupo de científicos e xuristas, expertos na problemática, e ampliar o contacto a grupos dos territorios por cubrir para ampliar a plataforma.

A rede moverase en dúas liñas fundamentais: a sensibilización cidadá e a presión e negociación coas diferentes administracións. Respecto da primeira, entre outras accións, promoverá, xunto ás Asociacións de Nais e Pais, campañas de concienciación nos centros educativos dirixidas a nenos e nenas. En virtude da segunda, aproveitará a campaña ás próximas eleccións europeas para demandar aos partidos políticos o seu compromiso para elaborar unha regulación sobre instalacións que emiten campos electromagnéticos onde a saúde dos veciños e veciñas estea por encima do beneficio das empresas. A mesma regulación que se esixirá ao Parlamento Europeo e, en clave interna, aos ministros españois de Industria, Sanidade e Medio, ao Parlamento Español e á Federación Española de Municipios e Provincias. Neste marco local, é destacable o labor dunha das entidades da Plataforma, a Federación Veciñal de Leganés, que na actualidade e tras consignar no Concello máis de 11.000 firmas de cidadáns para retirar as antenas de telefonía do núcleo urbano, negocia co Consistorio unha nova ordenanza sobre antenas moito máis restritiva que a actual.

Para rematar, a Plataforma acordou organizar unha ou varias accións de protesta cara ao próximo 24 de xuño, Día Internacional Contra a Contaminación Electromagnética.